



MEMORIA-XUSTIFICATIVA PARA A SUBSCRICIÓN DO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, POR MEDIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA, E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DA SÚA CONDICIÓ DE CAPITAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, DECLARA:

Que esta consellería formalizou co Concello de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

A colaboración entre as partes asinantes do convenio para sufragar os gastos derivadas da condición da cidade de Santiago de Compostela, do estatuto especial como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundamentouse no seguinte:

- Á Consellería de Facenda correspóndelle o exercicio das competencias en materia de facenda atribuídas á Comunidade autónoma galega no artigo 30 e no título IV do Estatuto de Autonomía de Galicia, de conformidade co disposto no Decreto 307/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda
- O Concello de Santiago de Compostela ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, na Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e demais normativa de aplicación.
- A Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela ven regular o estatuto especial da cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao previsto no artigo 89.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.



- Á necesidade de artellar un financiamento nos orzamentos da Comunidade autónoma en atención a que o Concello estableza unha serie de servizos derivados da súa condición de capitalidade e sede das institucións autonómicas, conforme establece o artigo 28 da Lei 4/2002, do 25 de xullo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional utilizado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asinase esta memoria en Santiago de Compostela.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

M^a del Socorro Martín Hierro